



## FICHA CCNN TEMA 8



**1 A enerxía é...**

- a. a causante de que a materia permaneza inmóbil.
- b. a causante de que a materia experimente cambios.
- c. a causante de que a masa teña un determinado valor.

**2 Cal dos seguintes non é un tipo de enerxía?**

- a. Eléctrica.
- b. Luminosa.
- c. Materia.

**3 A enerxía mecánica é a que...**

- a. teñen os corpos en movemento.
- b. teñen os corpos en repouso.
- c. teñen os corpos despois de moverse.



**4 A luz do Sol cáptase mediante...**

- a. placas fotovoltaicas.
- b. calefactores.
- c. colectores solares.

**5 O carbón, o petróleo e o gas son fontes de enerxía...**

- a. renovables.
- b. non renovables.
- c. inestables.

**6 O ámbito en que se usa máis enerxía en España é...**

- a. o transporte.
- b. a industria.
- c. a agricultura.

**7 Cal é o tipo de enerxía máis usado en España?**

- a. O carbón.
- b. Os derivados do petróleo.
- c. As enerxías renovables.



**8 A fonte de enerxía máis usada nas centrais eléctricas é...**

- a. o carbón.
- b. a enerxía nuclear.
- c. o gas natural.

**9 O uso de combustibles fósiles fai que o efecto invernadoiro...**

- a. se equilibre.
- b. diminúa.
- c. aumente.

**10 Para aforrar enerxía débense utilizar aparellos con...**

- a. elementos reciclados.
- b. enerxía eficaz.
- c. eficiencia enerxética.

